



## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 13-04-2023.

Na vila de Vimianzo, ás nove horas e corenta e sete minutos do día trece de abril de dous mil vinte e tres, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese a mesa de contratación ao obxecto de levar a cabo a sesión convocada para este día, en relación ao expediente de licitación 2023/C004/000001.

### ASISTEN:

Don Miguel Ángel Pérez Méndez, concelleiro de obras e urbanismo, quen preside esta mesa por delegación da titular de data 12/04/2023.

Don Francisco Javier Novoa Juíz, vogal, secretario do Concello de Vimianzo.

Don Francisco Fernández Armada, vogal, interventor do Concello de Vimianzo.

Dona Sandra María Abeijón Romero, vogal, traballadora social do Concello de Vimianzo.

Dona Ivanna Vidal Domínguez, técnica xestión deste Concello, secretaria da mesa.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día

### **1.Cualificar a documentación, e se fora o caso, avaliar as propostas achegadas e facer proposta de adxudicación, á licitación do servizo de restauración para o XIX Xantar dos nosos maiores, Vimianzo (A Coruña). Exp.2023/C004/000001.**

En primeiro lugar, por parte da secretaria da mesa procédese ao descifrado e apertura das ofertas presentadas a través da plataforma de contratos do sector público:

1º Volando voy, S.L. (CIF B10527521)

2º María Carmen Rojo Sanmartín (NIF 76352079Z)

Da comprobación da documentación presentada resulta o seguinte:

1º Volando voy, S.L. (CIF B10527521):

A oferta foi presentada o día 12/04/2023, dentro do prazo de presentación de ofertas.

Achega Modelo de declaración responsable de conformidade co contido establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º María Carmen Rojo Sanmartín (NIF 76352079Z):

A oferta foi presentada o día 12/04/2023, dentro do prazo de presentación de ofertas.

Achega Modelo de declaración responsable de conformidade co contido establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

A continuación dáse conta das ofertas presentadas polas anteditas empresas:

1º Volando voy, S.L. (CIF B10527521):

Oferta económica: 26,01 euros (Prezo sen IVE: 23,65 euros e IVE (10 %): 2,36 €)

2º María Carmen Rojo Sanmartín (NIF 76352079Z):

Oferta económica: euros (Prezo sen IVE: euros e IVE (10 %): €)

Oferta económica: 28,05 euros (Prezo sen IVE: 25,50 euros e IVE (10 %): 2,55 €)

Compróbase que a empresa María Carmen Rojo Sanmartín (NIF 76352079Z) esta inscrita no rexistro de contratista da comunidade autónoma de Galicia. En canto a empresa Volando voy, S.L. (CIF B10527521), non aparece inscrita nin no rexistro de licitadores estatal nin autonómico, nin consta presentada acreditación do acuse de recibo da solicitude de inscrición; polo que os membros da mesa acordan excluír a dita empresa ao non cumprir co establecido na cláusula 8ª do prego de cláusulas, respecto a obrigatoriedade de inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do



sector público ou acreditación de ter presentado solicitude de inscrición dentro do prazo de presentación de ofertas.

Tendo en conta o exposto, e de conformidade co establecido na cláusula undécima (criterios de adjudicación) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación para a prestación do Servizo de restauración para o XIX Xantar dos nosos maiores, Vimianzo (A Coruña), (exp.2023/C004/000001), a empresa licitadora admitida na licitación acadou a seguinte puntuación:

Empresas	Oferta económica (sen IVE)	Puntuación	Puntuación Total
Maria Carmen Rojo Sanmartin	25,50 €/persona	100	100

Á vista do resultado da valoración das ofertas, a mesa de contratación, por unanimidade do membros presentes con dereito a voto, acorda:

1º. Excluir a empresa Volando Voy, S.L., con CIF B10527521, por non cumprir o previsto na cláusula 8 do PCAP en relación coa inscrición no rexistro oficial de licitadores de empresas clasificadas do sector público, estatal ou autonómico, todo elo de conformidade co artigo 84 do RLCAP entre outros.

Xa que logo, nin figura inscrita nos citados rexistros nin acredita a presentación da solicitude de inscrición no prazo de presentación de propostas con ou sin requerimento de subsanación por parte do organismo competente.

2º. Propoñer a adjudicación do contrato do “Servizo de restauración para o XIX Xantar dos nosos maiores, Vimianzo (A Coruña)” (exp.2023/C004/000001), de conformidade coa puntuación acadada:

1º. María Carmen Rojo Sanmartin (NIF 76352079Z) que acadou 100 puntos.

Comprobado no ROLECE/Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, que a empresa proposta está inscrita neste último, entendense acreditada a inscrición e requíreselle para que no prazo de 7 días hábiles dende a recepción do requerimento achegue a documentación requirida nos pregos.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e cincuenta e catro minutos pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta-borrador, salvo erro ou omisión involuntaria, o que asino en Vimianzo co visto e prace da presidencia, asinádoa os demais membros da mesa de contratación en conformidade.

O presidente da Mesa  
Miguel Ángel Pérez Méndez  
(doc.asinado electronicamente)

A secretaria da mesa  
Ivanna Vidal Domínguez